




FREIXA DO XESTA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: A Lama-Liñares: 16 km
Pontecaldelas-Liñares: 18 km
A pé: (desde Liñares): 1,2 km (ida e volta)
A pé: (desde A Paradela): 4 km (ida e volta)

Dificultade: baixa
Duración: 2 horas



Na parroquia de Xesta (concello de a Lama). O río Oitavén, chamado Xesta na súa cabeceira, nace na vertente pontevedresa da Serra do Suído e, a partir de Liñares, percorre un terreo abrupto con rápidos e fervezas. A máis espectacular é A Freixa entre rochas graníticas e rodeada de espesos bosques de ribeira e carballeiras. En Liñares hai unha ponte medieval. E na Xesta unha carballeira moi ben conservada. Está afectada pola construción dunha central hidroeléctrica.

COMO CHEGAR:


Desde A Lama pola estrada de Gaxate e de alí a Paradela e Liñares. Desde Pontecaldelas vaise a Xende e de alí a Liñares. Desde alí por un sendeiro a pé ata a ferveza nuns 30 minutos. Tamén se pode ir desde Paradela seguindo as levadas da auga dos muíños.



A ferveza no verán



A ferveza no inverno



Pequenas fervezas río abaixo.